



Concello de Lobios

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA

En Lobios, sendo as oito horas trinta e dous minutos, a 3 de Xullo de 2015, se reúnen los Sres. Concelleiros, tras a correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste concello baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais

- D^a. Maria del Carmen Yañez Salgado
- D. Jesús Rodríguez Rodríguez
- D. Elsa Susana Pena Fernández
- D. Domingo Veloso Silva
- D. Prudencio Pérez Pérez
- D. Manuel López Álvarez
- D. Manuel Fernández Vázquez
- D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
- D. Francisco Veloso González
- D. David Fernández Delgado

Aberta a sesión polo Presidente, tras terse comprobado a existencia do quórum suficiente para o seu inicio, se procede a coñecer os asuntos incluídos na orde do día:

PRIMEIRO: APROBACIÓN APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA EN DATA ONCE DE XUÑO DE 2015.

Non constando intervencións resulta aprobado cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e a abstención dos concelleiros do grupo municipal socialista.

SEGUNDO: DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE VOCEIROS

Dase conta da constitución dos grupos, manifestando o Sr. Veloso a intención, no seu caso, de exercer a portavocía por todos os membrs sucesivamente tal como detalla no documento de constitución.

TERCEIRO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS

Vista a proposta da alcaldía, sen que te teñan producido intervencións, acórdase cos votos a favor do s concelleiros do grupo municipal popular e a abstención dos concelleiros do grupo municipal socialista, fixar o seguinte réxime de sesión:

1.- Establecer que o pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de Sesións da Casa Consistorial cada dous meses, o derradeiro venres dos meses de febreiro,



Concello de Lobios

abril, xuño, agosto, outubro e decembro, ás 12.00 horas, en primeira convocatoria, e dous días naturais despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

2.- Facultar a Sra. Alcaldesa, por propia iniciativa ou a instancia dos voceiros dos grupos políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou retrasando o día e hora de celebración, mesmo aínda que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente a aquel, conservando ésta o carácter de ordinaria.

3.- Notificar o presente acordó e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO: CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a proposta de alcaldía sobre a creación da Xunta de Goberno Local, sen que teñan producido intervencións, acórdase cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista

1.- Crear a Xunta de Goberno Local, presidida pola alcaldía, integrada por tres concelleiros, número non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, nomeados e separados libremente pola alcaldía, dando conta ao pleno

2.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinarias o primeiro e o terceiro luns de cada mes as 10.00 horas, excepto cando sexa día inhábil, que se trasladará ao día hábil inmediato seguinte. Celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ao da data do Decreto polo que a Alcaldesa-Presidenta designa aos seus membros, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do ROF.

QUINTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a proposta de alcaldía coas intervencións que se reproducen a continuación, adóptase, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, o seguinte acordó

1.- O Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións

El ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria.

La declaración de lesividad de los actos del Ayuntamiento.

La contratación, convenios, concesiones de toda clase cuando su importe supere el 10% de los recursos ordinarios del presupuesto, en cualquier caso, 6.010.121 euros, así como los contratos y concesiones plurianuales cuando su duración sea superior a cuatro años e los de menor duración cuando el importe acumulado de todas sus anualidades



supere el porcentaje citado, referido a recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio e, en todo caso, cuando sea superior a la cuantía señalada en esa letra.

La delegación incluye los contratos de obras, servicios y suministros e los de cualquiera otra naturaleza relativos a obras o servicios incluidos en los planes provinciales de obras, servicios, equipamientos, suministros, instalaciones y en planes o actuaciones conjuntas de carácter supramunicipal, sean de comarcas, mancomunidades, consorcios, entes metropolitanos, Comunidad Autónoma, Administración estatal o Unión Europea, cuando la normativa específica de los mismos atribuya estos contratos al pleno y, en los casos en que se requiera la aceptación expresa del pleno de la delegación de competencias a favor del órgano en quién se delega el ejercicio de estas atribuciones.

La aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún no estén previstos en los presupuestos.

Aprobación del padrón municipal de habitantes y sus rectificaciones e demás estadísticas que sean de competencia plenaria.

La aprobación de los padrones tributarios y fiscales

La aprobación del inventario de bienes de la Corporación, su rectificación y comprobación.

La solicitud y aceptación ed subvenciones del Estado, CCAA y Diputación Provincial y otros organismos públicos y entidades privadas cuando la normativa general o específica aplicable al caso requiera el acuerdo plenario para ello, y, asimismo, la solicitud o aceptación de la cesión de vehículos o otros bienes de cualquiera de las Administraciones, organismos o entidades citadas.

La aceptación de la cesión gratuita de terrenos o derechos de aprovechamiento urbanístico, donaciones, herencias, legados de todo tipo de bienes y derechos transmisibles, mismo las cesiones gratuitas que lleven anexas condiciones o modalidades onerosas.

La aceptación de bienes adjudicados al Concello en procedimientos judiciales o administrativos.

La aprobación de toda clase de convenios o contratos con las distintas administraciones públicas, sus organismos autónomos y empresas públicas, que resulten de competencia plenaria cualquiera que sea el objeto, salvo que, de ser el caso, precisen para su aprobación de una mayoría especial y los incluidos en el artículo 22.b), c) y d) de la LBRL.

Aplicación del régimen de incompatibilidades de funcionarios y demás personal municipal.

Designación de representantes en otras entidades u organismos.

Presentación de alegaciones en representación del Concello en los trámites de aprobación de planes, proyectos de todo tipo de actuaciones que lleven a cabo las entidades públicas que afecten al concello.

La iniciación, tramitación y resolución de los expedientes de expropiación forzosa, que sean de competencia plenaria y la solicitud a la Xunta de la declaración de urgente ocupación.

El reconocimiento extrajudicial de créditos, siempre que no exista dotación presupuestaria.



Concello de Lobios

La declaración de efectos no utilizables.

La emisión de informes en los expedientes sobre actividades clasificadas y de policía y espectáculos públicos

Aquellas otras que deban corresponder al pleno por exigir su aprobación una mayoría especial, de acuerdo con lo detallado en el art. 47 de la LBRL.

2.- A delegación entenderase a todos os asuntos comprendidos dentro das respectivas atribucións e a todas as potestades legalmente posibles, conservando o pleno as facultades establecidas nos artigos 115 e 116 do ROF e demais normativa concordante.

3.- Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercizo das atribucións delegadas enténdese ditados polo órgano delegante, o pleno, correspondendo, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición que poidan interperse.

4.- O presente acordó surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP desta Provincia, conforme ao artigo 51.2 do ROF.

5.- Déase conta do acordó á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

Intervencións:

O Sr. Veloso pide que conste en acta a manifestación de legalidade do Secretario. Continúa afirmando que considera una falla de respecto tratar de gobernar coa Comisión de Goberno sen debatir estas atribucións, isto xerará moitos problemas e impugnacións xudiciais, toda vez que e de dominio público que a anterior lexislatura moitos acordos da Xunta de Goberno Local poderían ser ilegales.

Os asuntos da Xunta de Goberno Local, dado que o Concello é de todos, deberán estar expostos ao público no taboleiro de anuncios para que exista claridade e debe darse traslado as Administracións públicas competentes para fiscalizar os mesmos, situación que non se cumpre.

A maiores a oposición debe darse traslado dos acordos para proceder como tivera lugar e acudir aos tribunais para impugnar se fora necesario.

SEXTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA MUNICIPAL

Vista a proposta de alcaldía sen que te teñan producido intervencións, adóptase, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, o seguinte acordo



Concello de Lobios

1.- Nomear representantes da Corporación, titulares e suplentes, nos órganos colexiados que se sinalan, aos membros da Corporación que en cada caso se indican

- Representación municipal na Xunta rectora do Parque natural da Baixa Limia - Serra do Xurés, Sra. Alcaldesa, María del Carmen Yañez Salgado e como suplente D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
- Representación municipal no Consello escolar do CEIP do Xurés, Sra. Alcaldesa, María del Carmen Yañez Salgado e como suplente D^a. Elsa Susana Pérez Fernández

SÉTIMO: CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Vista a proposta de alcaldía sen que te teñan producido intervencións, adóptase, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, o seguinte acordo

1.- Crear neste Concello a Comisión Especial de Contas, de existencia preceptiva, según dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 22 de abril, reguladora das bases de réxime local, correspondendo a mesma o exame, estudo e informe das contas xerais.

2.- De conformidade co disposto nos artigos 68.5 e 66.2 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, o número de membros da Comisión especial de contas será igual para todos os grupos políticos, aplicándose neste caso o sistema de voto ponderado.

A adscripción concreta dos membros da corporación que deban formar parte de cada una das comisións anteditas en representación de cada grupo político realizarase por escrito do seu voceiro dirixido a alcaldía - Presidencia e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual xeito, un ou varios suplentes por cada titular.

3.- A Presidencia da Corporación e a Presidenta nata de todas as Comisións informativas, con todo poderá delegar a súa presidencia efectiva en calquera membro da mesma, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección celebrada no seu seo, na que se propondrá a designación do Presidente titular e os suplentes que se teñan por convintes.

4.- A Comisión especial de contas axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e celebrará sesión ordinaria na data establecida polo alcalde, con antelación suficiente para emitir ditame nos asuntos a tratar polo Pleno.

OITAVO: DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA



Concello de Lobios

Vista a proposta de alcaldía coas intervencións que se reproducen a continuación, adóptase, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, o seguinte acordo

1.- Será desempeñado en réxime de dedicación exclusiva, a xornada completa, coas retribucións brutas anuais que se indican, os cargos que se reflicten na Base 25ª das de Execución do Orzamento da Corporación para o exercicio 2015, coas modificacións que se incorporan seguidamente:

- Dª. María del Carmen Yañez Salgado.- Cargo: Alcaldía. REtribucións brutas: 1.600,00 euros, pagaderos en catorce mensualidades.

Solicitarase ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e / ou alta da mesma.

2.- Os restantes membros da Corporación, ao non desempeñar cargos en réxime de dedicación exclusiva nin parcial, percibirán pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que se indican nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2015.

3.- As indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos distintos cargos se regularán polas regras de aplicación xeral nas Administracións Públicas, constituídas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio, na orde de 8/11/1994 sobre xustificación de anticipos das indemnizacións por razón de servizo e a Resolución de 2/12/2005.

Intervencións:

Intervén o Sr. Veloso para manifestar que acudiu ao Concello e non estaba a alcaldesa nin o secretario e non se debe volver repetir.

O salario nun pobo que se more parece una burla, ao salario tense que sumar a seguridade social. Manifesta que catorce pagas máis dietas lle parece una barbaridade e máis se a alcaldía se ausenta sen coñecemento dos vecinos. Entendemos que deberá adicarse aos servizos dun licenciado en medicina que preste atención aos veciños do Concello de forma gratuita.

Non vamos consentir que a alcaldía se arrogue titulacións como de abogado e outros estudos dos que carece. O exemplo se se lle aproba esta salario ten que empezar polo alcalde respetando a todos os veciños e tratando a todos por igual, posto que o salario o percibe do Concello de Lobios, non do PP. Lamentablemente e una barbaridade para as arcas do Concello e una falla de respecto aos veciñosde poboacións ailladas esta retribución global que supera os 3000 euros cando o pobo ten necesidades que non se lle dan.



Concello de Lobios

Toma a palabra a Sra. Yáñez para manifestar que Lobios e o pobo con máis poboación do entorno. A adicación é a menor de toda a Baixa Limia e non son 3000 euros o total, sendo a nómina da alcaldesa pública pódese comprobar que nin se cobra esa cantidade.

O Sr. Veloso reitera que a partda inclúe o gasto en seguridade social, máis extras máis dietase poden suponer ao Concello os 3000 euros. A maiores se ten solicitado ao Concello un certificado de retribucións da alcaldía e non se ten enviado o que acredita a falla de respecto e seriedade da alcaldía.

NOVENO: NOMEAMENTO DE TESOUREIRO

Vista a proposta de alcaldía coas intervencións que se reproducen a continuación, adóptase, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e o voto en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, o seguinte acordo

1.- Nomear como Tesoureiro municipal ao Concelleiro D. Jesús Rodríguez Rodríguez.

2.- Asumir de forma solidaria as responsabilidades que puideran derivarse polo consunto dos membros da Corporación que emitan o seu voto favorable ao devandito nomeamento.

Intervencións:

O Sr. Veloso solicita que conste en acta a tarefa da tesourería relacionada coa xestión dos pagos, afirmándose polo secretario que os pagos se realizan mediante transferencia coa sinatura mancomunada dos tres claveiros, requeríndose a presenza coa súa firma do alcalde, do interventor ou secretario-interventor e o tesoureiro.

DÉCIMO: COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS E DELEGACIÓNS

Dase conta das resolucións sobre delegacións xenéricas a favor dos Srs. Concelleiros/as, a resolución de designación de tenentes de alcalde e as delegacións de competencia da alcaldía na Xunta de Goberno Local

E non existindo máis puntos na orde do día, a Sra. Alcaldesa da por concluída a sesión, sendo as nove horas e oito minutos, de todo o que, como secretario, dou fe.

O Secretario

A Presidenta

Asdo. Juan F. Sánchez González

Asdo. María del Carmen Yáñez Salgado